

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

A miña programación vai dirixida aos alumnos e alumnas de 3º de primaria do CEIP Plurilingüe A Cristina situado na vila de Carballo, na provincia de A Coruña. Este é un centro de educación infantil e primaria de 3 e 7 unidades unidades respectivamente. O seu horario é de 9:05 h. a 14:05 h. da mañá.

Todos estiveron escolarizados xuntos o curso pasado agás tres novas incorporacións que se produciron co curso xa comezado: un neno procedente doutro centro do mesmo concello, e dúas nenas estranxeiras procedentes doutro centro da provincia de A Coruña. Neste curso, incorpórase unha nena que ven dun centro deste concello.

Na materia de Proxecto Competencial están matriculados 9 nenos e 5 nenas.

A programación levouse a cabo seguindo:

- A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- O Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- A Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23
- O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área do Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a área do Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

Para facilitar a concreción curricular desta área establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta área parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas,

oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu non son de Carballo!	Elección do pintor e a súa biografía contextualizada.	20	15	X		
2	A tua cara, sóame!	Investigación sobre personaxes históricos contemporáneos ao pintor traballado.	40	10		X	
3	Mira ti, de quen viña sendo!	Análise pictórico e emocional da obra máis emblemática do artista traballado.	40	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu non son de Carballo!	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia dos pintores elixidos e a súa contextualización.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir, consenso de opinións contrarias e resolución de conflitos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A tua cara, sóame!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos manuais e dixitais		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Avaliar as tarefas individuais e grupais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Mira ti, de quen viña sendo!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Organizar a documentación recollida para unha presentación coherente e ben temporalizada.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade na exposición oral e na gravación da radio.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica que amenizen e captan a atención dos compañeiros.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición vencelladas as propias emocións das obras traballadas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o proxecto titulado : "E logo ti, de quen ves sendo?", vencellado ao proxecto anual de centro "Emoción-arte".

Intenta afondar como os artistas reflicten na súas pinturas as emocións que lles transmite a realidade que coñecen: a súa contorna, os lugares cotiáns, a súa familia, os pintores contemporáneos e a influencia dun percorrido (lúdico e ficticio) polos personaxes históricos que viviron na mesma época.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e elixir os pintores, así como a planificación temporalizada da investigación. Cada grupo cooperativo terá asignado un pintor a traballar.

- Lecturas seleccionadas pola titora.
- Elección do pintor
- Achegas do pintor mediante a busca na biblioteca e na Internet.
- Contextualización cronolóxica e xeográfica do pintor elixido.
- Redacción dunha pequena biografía.
- Exposición oral e gravación na radio das investigacións levadas a cabo.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, estudaranse os personaxes históricos vencellados.

- Lecturas seleccionadas
- Achegas para afondar nos personaxes históricos.
- Elaboración da ficha técnica dos personaxes.
- Exposición oral e gravación na radio das investigacións realizada.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, afondaremos na propia obra do pintor.

- Lecturas seleccionadas
- Busca das obras máis coñecidas
- Análise pictórico e emocional da obra máis emblemática do pintor.
- Exposición audiovisual e gravación na radio da investigación.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (relevancia histórica, biografías...)
- Elementos transversais (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla Dixital Interactiva, ordenador de aula e proxector.
Folios, cartolinas, pegamento, tesoiras...
Libros da biblioteca de aula, centro e aportados polo alumnado...
Dous ordenadores portátiles para cada grupo cooperativo.
Ferramentas dixitais básicas .
ENCICLOPEDIA "ÉRASE LA PINTURA"

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases é a aula ordinaria, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

O elemento da partida será a enciclopedia "Érase la pintura", que en cada libro, relata un conto divertido sobre un pintor , mergullándonos na súa vida e obra, coa curiosidade de interactuar ,de forma ficticia, con personaxes históricos , contextualizando un pouco máis a figura do artista. Evidentemente, achéganos ás súas obras máis coñecidas, sobresaíndo a visión en 3D da súa obra máis emblemática coñecida.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do alumnado tendo en conta os seguintes instrumentos de avaliación:

- Observación directa e sistemática da actividade diaria da aula.
- Tarefas diversas realizadas polo alumnado, individuais e grupais.
- Fichas, esquemas, recollidas de información... con boa presentación, orde, limpeza...
- Traballos grupais e actividades cooperativas.
- Actividades interactivas.
- Participación do alumno/a
- Preguntas orais
- Intervención na aula
- Postas en común
- Probas orais individuais
- Lecturas expresivas
- Preparación en grupo de diversas actividades: coloquios, exposicións, debates...
- Rexistros e listas de control

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

\*\* o 50% --> Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade: realización de probas orais e traballos (individuais ou grupais)

\*\* o 20% --> Realización do traballo diario na clase: realización axeitada do traballo, presentación e realización axeitada das fichas de traballo...

\*\* o 10% --> Realización do traballo da casa: deberes e traballos específicos da casa: rematar algo pendente, actividades de repaso, actividades de reforzo ou memorización...

\*\* o 20% --> Valoración de actitudes na aula: escoita, participación, esforzo, colaboración respecto ás normas, aos compañeiros/, aos mestres/as...

Empregando todo o recollido cos instrumentos de avaliación e tendo en conta as porcentaxes establecidas nos criterios de cualificación, cubrirase unha táboa excell onde se plasmará toda a información e dará lugar á cualificación correspondente.



### Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

### 6. Medidas de atención á diversidade

No grupo hai os seguintes casos atención especial:

- Unha solicitude de avaliación para AACC.
- Hai varios alumnos/as de orixe estranxeiro, procedentes de Colombia, Brasil e Marrocos, polo que precisan axuda en lingua galega.
- Temos varios con caligrafía case ilexible, con lentitud lectora e pouca fluidez oral e escrita.
- Algúns teñen dificultades no razoamento lóxico matemática e a comprensión lectora.
- Temos un caso de carencia de normas, discurso continuo e problemas de comportamento, pendente de avaliación para integrarse nun programade HHSS.
- Hai dúas persoas con problemas importantes de comportamento e moi mala relación co grupo. Ambas con reforzo educativo e unha non superou a área de matemáticas.
- Un caso de severas dificultades en todas as áreas e competencias que presenta niveles moi baixos nas probas de coeficiente intelectual.. Tivo RE e adaptación metodolóxica e avaliativa. Comeza con matemáticas non superada.
- Hai unha nova matrícula procedente doutro centro do concello.

En canto ás medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo Reforzos Educativos con aquel alumnado que así o precise. Dos avances ou retrocesos que se aprecien a medida que avance o curso, tanto dos que nomei como do resto do grupo, dependerán as novas medidas que se poidan adoptar, tendo sempre en conta a lexislación vixente.

Asemade, no caso de ser positiva a diagnose de AACC estudaranse as medidas máis oportunas.

O grupo é moi heteroxéneo curricular e competencialmente polo que haberá adaptación da metodoloxía coa finalidade de que o alumnado acade os mellores resultados.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Actividades relacionada aos contidos traballados.			
Saídas pola contorna	Actividades en relación ao desenvolvemento curricular.			
Actividades da biblioteca	Contacontos, animación á lectura, Semana da Prensa, Semana do Libro, Día das Bibliotecas, Gravacións na radio, mochilas e maletas viaxeiras...			
Actividades promovidas polo Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística	Actividades relacionadas especialmente coa conmemoración do Samaín, O Magosto, Entroido, Día de Rosalía e Semana das Letras Galegas.			
Actividades promovidas polo Departamento de Convivencia	Actividades relacionadas especialmente coa conmemoración do día contra a violencia de xénero (25 N), a nivel centro, actividades do día da Paz, día da muller (8 M)			
Asistir a varias actividades extraescolares	Selección de excursións lúdico-pedagóxicas adaptadas ao currículo traballado.			
Actividades propostas polo Concello de Carballo	Saídas, visitas, talleres ou actividades propostas polo concello de Carballo ou calquera outra proposta que se reciba.			
Actividades propostas polo centro	Calquera actividade relacionada co proxecto de centro anual.			
Conmemoracións organizadas polo centro.	Celebracións recollidas no calendario escolar que sensibilicen sobre temas de interese social, cultural ou ambiental.			

### Observacións:

A participación do alumnado nas actividades complementarias propostas contribúe á consecución dos obxectivos propostos na área para o terceiro curso.

Os elementos transversais tamén estarán presentes no deseño e realización de todas as tarefas relativas as actividades extraescolares programadas polo centro.

Estas actividades complementarias descritas, son susceptibles de ser eliminadas en parte, modificadas ou ampliadas, en función das necesidades da aula e do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe?
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado?
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE?
7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE?
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
10. Dáse un peso real á observación do traballo da aula?
11. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?

### Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación.

Deste xeito, realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos

mesmos, se fose necesario, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente) para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**